

M

## Correos

A

Moi bos días meus señores  
saúdolle con este coiro  
eu veño preguntar  
se dan entrada ó antróido

Miñas donas , meus señores  
como manda a tradición  
somos sempre os Correos  
os que abrimos a sesión

A onde vai correo  
vexo algo despistado  
non é este o Val do Ulla  
é o centro de Santiago

Non me seas ignorante  
e ten algo de cultura  
en Santiago de Compostela  
hai Xenerais da Ulla

!Qué me vas dicir a min  
a muller máis informada  
a unión do noso antróido  
acaba de ser firmada

Supoño que avisarían  
á prensa internacional  
pode ter repercusión  
a nivel universal

Esto é moi importante  
deixemos a discusión  
aviseamos ós xenerais  
pa que tomen posición

!Corramos ó seu encontro!  
non perdámolo traballo  
se non despois pa topa outro  
vai mandar moito carallo

M

Parella 1

E

!Alto ahí meu xeneral!  
¿a onde vai tan apurado?  
Ou quere tomar postura  
neste novo tratado

¿Quién é este mocosso  
que me quere atrancar?  
Un xeneral do Eixo  
non é moi bo de parar

Inda que me ves moi novo  
têñoche moita destreza  
igual che cae o tricornio  
sen sacalo da cabeza

Pódeche romper a espada  
ó bater en pedra dura  
era moi grande o Concordia  
!Hai que ver que fendedural!

Sorte que o capitán  
era un home preparado  
meteu o barco nas penas  
pa poder saír a nado

Mándano volver ó barco  
e non quixo regresar  
seique estaba moi mollado  
e queríase secar

Que non o metan no cárcere  
que o traían para España  
que intente buscar traballo  
a ver despois como se apaña

Hoxe corren malos tempos  
polos riscos dunha prima  
que a joden os mercados  
e nós tamos na ruína

Nã ruína non tan todos  
e nós temos solución  
escolas de balonmano  
en toda a nosa rexión

Vouche cortar a lingua  
e vas deixar de falar  
o do xentro do noso xeife  
inda está por demostrar

Aquí no noso país  
háiche moito presunto  
cómo dl o portugués  
é do porco como o unto

Se te metes en fonduras  
voute ter que deixar  
eu non tou autorizado  
para poder continuar

Se cadra piquei moi alto  
no debería facer  
desde aquí pido desculpas  
a quen poidera ofender

Demos paso ós compañeiros  
que é xente competente  
vamos a tomar un viño  
aunque sea ó San Clemente

## Parella 2

A

Eu pensaba enfrentarme  
con un Xeneral competente  
e non con unha muller  
coma a que teño de fronte

Non me insultes mala pécora  
que non che vale de nada  
desde cando unha muller  
ta ca espada levántada

Gracias á señora Merkel  
tamos ben adelantados  
en España nunca houbo  
tantos millóns de parados

Eu diría que non todos  
preguntádlle ós dos bancos  
que cobraron os millóns  
sen ninguén poñerlle atrancos

Eu preguntolle a Rajoy  
presidente do Estado  
cómo baixo o pantalón  
tendo o cinto apretado

xa me tas caíndo ben  
vouste invitar a unha cea  
non hai tempo coma este  
pa disfrutar da lamprea

M

Eu tamén esperaba  
un xeneral educado  
e non un machista  
ignorante, tonto e atrasado

Eses foron outros tempos  
andas ti moi desfasado  
en Europa manda Merkel  
sobre todos os estados.

Tamén foi culpa nosa  
armar tantos tellados  
pedimos moitos cartos  
tamos todos endeudados

Os expertos económicos  
tan decindo a diario  
hai que subir o consumo  
e baixarse os salarios

Déixate de metáforas  
esto tenche pouco amaño  
se téis ti a solución  
eu tamén te acompaño

Demos paso ós mandamáis  
eu acepto a invitación  
co que me gusta a lamprea  
vou disfrutar un montón.

A

Parella 3 E

¿Qué fai tan alto mando  
na praza do obradoiro?  
Que chega tan ben vestido  
e vai rematar en coiro

Déixate de cachondeo  
e ándate con moito tino  
ou fágote desaparecer  
coma o Códice Calixtino

Din que Santiago Apóstol  
non quixo perder viaxe  
subindo o Val do Ulla  
a máis fermosa paraxe.

Aríns, Eixo e Marrozos  
son parroquias do rural  
onde aínda celebramos  
o antroído tradicional

Pos xenerais da Ulla  
é unha honra e un gran pracer  
que hoxe os seus alcaldes  
os poideran vir a ver

Eu non sabia que hoxe  
iba durmir no Hostal  
olvidouseme o pixama  
vaimo buscar ó tendal

Quén ten que andar con tino  
son os curas da catedral  
inda lle han levar os restos  
desa urna de metal

Nós tamén esta viaxe  
na debemos de perder  
xa que esta aquí a prensa  
darnos algo a coñecer.

Esta pequena mostra  
que vos tamos a ofrecer  
en todo o Val do Ulla  
calquera a pode ver

Por ser o primeiro ano  
ímolos a respectar  
cando vaián ás parroquias  
han ter moito que escoitar

***¡Xuntemos as espadas  
como manda a tradición  
vivan os Xenerais da Ulla  
e tamén a súa unión! (Os dous)***

***¡Viva o sepulcro brillante, flamante  
do Santo Patrón de España!***

***¡Viva a declaración  
de interés turístico local, comarcal  
rexional, nacional, internacional e  
universal dos Xenerais da Ulla!***